



**Neste número //** Reunión co conselleiro de Innovación e Industria / Adxudicacións poxectos de internacionalización e cooperación / O Clúster aposta polo emprego dos mozos galegos / Participación en Cultur.gal / Convenio coa Obra Social Caixa Galicia /

## O Clúster solicita ao goberno galego que os sectores que o conforman sexan declarados estratéxicos

*Membros da Xunta Directiva reuníronse co conselleiro de Innovación e Industria, para comunicarlle os principais obxectivos e retos da agrupación empresarial e pedir o seu apoio para as futuras accións*

*O conselleiro de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, Fernando Blanco, recibiu a varios membros da Xunta Directiva do Clúster, para coñecer de primeira man as súas actividades, obxectivos e necesidades.*

*A reunión tivo lugar o pasado 19 de novembro nas instalacións do departamento que dirixe Blanco. Por parte da Xunta Directiva do Clúster asistiron Jacobo Bermejo, presidente, Carlos del Pulgar, vicepresidente, Chema Díaz, vicepresidente segundo, Rafael Fernández, tesoureiro e Carlos Docampo, vogal. Á cita tamén acudiu Juan Penas, xerente da agrupación empresarial galega.*

*Jacobo Bermejo foi o encargado de expoñer as actividades realizadas desde a constitución do Clúster (en marzo de 2007) e, máis concretamente, desde o seu arranque operativo en outubro do pasado ano,*

*mes no que Juan Penas asume a xerencia. Todas as accións que se levaron a cabo en 2008 e as que se executarán o próximo ano, están orientadas a potenciar os catro eixes estratéxicos do Clúster: innovación, formación, internacionalización e notoriedade.*

*Un dos asuntos que lle foron trasladados ao conselleiro foi o desexo de que os sectores gráfico, editorial e publicitario sexan considerados estratéxicos polo goberno galego debido ás súas dimensións, facturación e cifras relativas á xeración de emprego. Pola súa banda, Fernando Blanco comprometeuse a levar este tema ao Consello da Xunta de Galicia para avaliar a petición.*

*Bermejo tamén informou ao titular galego de Innovación e Industria de que o Clúster xa presentou ao Ministerio de Industria unha solicitude para realizar un estudo co fin de analizar a*



**A Xunta directiva do Clúster comunicoulle a Fernando Blanco as necesidades da agrupación.**

*viabilidade da creación dun Centro Tecnolóxico do Produto Gráfico e do Libro en Galicia. Fernando Blanco manifestou o seu respaldo a este proxecto, que desde a agrupación empresarial se concibe como un recurso clave para fomentar a investigación, a innovación e a creatividade, tanto nos procesos coma nos produtos e servizos dos sectores que conforman o Clúster.*

*Pola súa banda, Juan Penas comprometeuse a trasladar as necesidades*

*dos diferentes sectores que conforman esta agrupación empresarial para que sexan tidas en conta nas diferentes axudas que convocará o departamento de Innovación e Industria do goberno galego para o próximo ano.*

*Fernando Blanco anuncioulles que no 2009 haberá unhas liñas de apoio á internacionalización das compañías galegas. O Clúster optará a estas subvencións para propoñer a viabilidade de crear dous Trade Point, un en Francia e outro en México.*

# / Adxudicados 4 proxectos que se levarán a cabo grazas ao Convenio asinado coa Consellería de Innovación e Industria /

**EOSA, SIMCe, INOVA e Márquez & Asociados son as consultoras galegas encargadas de executalos. Estas organizacións emprenderán actuacións dirixidas a potenciar a internacionalización e a posta en marcha de plans de cooperación entre empresas**

O Clúster adxudicou recentemente catro proxectos, incluídos no plan de acción 2008/2009 e financiados pola Consellería de Innovación e Industria, dirixidos a reforzar a actividade dos membros do Clúster.

Para fomentar a internacionalización dos asociados adxudicouse a EOSA un estudo de oportunidades de negocio no exterior, e a SIMCe unha actuación dirixida a fomentar os consorcios de exportación. Men-

tres, para impulsar a cooperación e dinamización, INOVA promoverá proxectos de integración lóxística e Marquez & Asociados implantará plans de cooperación e alianzas entre empresas.

## Estudo de oportunidades de negocio no exterior

**Obxectivo:** mellorar o coñecemento das áreas xeográficas de interese para o Clúster co fin de avaliar os posibles nichos de mercado onde existan posibilidades de negocio e un claro posicionamento internacional para as empresas.

### Adxudicatario EOSA, S.A.

**Datos de interese:** EOSA é unha empresa constituída no ano 1993 especializada na área de consultoría e formación, orientada tanto ás administracións públicas coma ás entidades privadas. Esta compañía conta actualmente con sedes en Madrid, Santiago de Compostela e Vigo.

**Contacto:** EOSA, S.A. Sede Central: R/ Puerto Rico, 18-20 Ofic. 4, Vigo. Teléfono: 902 102 097.  
Páxina web: [www.eosa.com](http://www.eosa.com).  
E-mail: [eosa@eosa.com](mailto:eosa@eosa.com)



## Fomento dos consorcios de exportación

**Obxectivo:** identificar os consorcios de exportación potencialmente viables para conseguir a súa creación. Con esta fórmula de cooperación empresarial preténdense alcanzar novos mercados, proxectos, etcétera... que doutro xeito, pola pouca dimensión das empresas, non sería posible.

### Adxudicatario SIMCe Consultores, S.L.

**Datos de interese:** SIMCe Consultores é unha empresa baseada na nova economía dixital, na que a importancia da información e o uso de internet a todos os niveis, constitúe un dos aspectos máis importantes e necesarios para a supervivencia e diferenciación da empresa.

**Contacto:** SIMCe Consultores, S.L. R/ Canario 7, 3ºB. Vigo. Teléfono 627 834 804. Páxina web: [www.simce.com](http://www.simce.com).  
E-mail: [mveloso@simce.com](mailto:mveloso@simce.com)

## Implantación de plans de cooperación e alianzas entre empresas

**Obxectivo:** alcanzar unha dimensión empresarial maior e máis competitiva a través da cooperación, alianzas empresariais e concentracións.

### Adxudicatario Márquez & Asociados.

**Datos de interese:** Márquez e Asociados nace a partir da iniciativa dun equipo de profesionais con elevada experiencia empresarial, adquirida en postos directivos de diversas áreas en importantes empresas, nacionais e multinacionais, de diferentes sectores.

**Contacto:** Marquez & Asociados. Avda. das Mariñas 280 - 1º B, Oleiros. Teléfono: 981 613 719.  
Páxina web: [www.marquezasociados.com](http://www.marquezasociados.com)  
E-mail: [info@marquezasociados.com](mailto:info@marquezasociados.com)



## Impulso de proxectos piloto de integración lóxística

**Obxectivo:** mellorar o grao de coordinación e cooperación entre as empresas enmarcadas nos diferentes eslavóns do Clúster, permitindo aforrar en custos e acurtar prazos.

### Adxudicatario INOVA.

**Datos de interese:** No ano 2004, un grupo de profesionais con ampla experiencia directiva en I+D e operacións industriais no contexto internacional, crea INOVA. É a empresa consultora de referencia na Eurorrexión Galicia- Norte de Portugal para a rede global de innovación TII (Technology Innovation International).

**Contacto:** INOVA. R/ Policarpo Sanz 17 - 5º BC, Vigo. Teléfono: 986 227 135.  
Páxina web: [www.inovaportal.com](http://www.inovaportal.com)  
E-mail: [inova@inovaportal.com](mailto:inova@inovaportal.com)

# / O Clúster aposta pola incorporación dos mozos galegos ao mercado laboral /

*Un grupo de titulados universitarios incorporáronse a varias empresas asociadas, grazas ao programa de bolsas convocado pola agrupación*

O día 1 de decembro incorporáronse a empresas asociadas ao Clúster un grupo de seis mozos licenciados en enxeñaría industrial. Estes titulados universitarios gozan, desde ese día, dun contrato en prácticas dunha duración de seis meses e coa posibilidade de pasar a formar parte do cadro de persoal destas organizacións ao finalizar este período.

Esta era unha das actuacións previstas no eixe de formación para o bienio 2008/2009. O programa realízase co apoio da Consellería de Innovación e Industria, xa que é unha das accións incluídas no convenio de colaboración asinado entre o Clúster e o departamento que dirixe Fernando Blanco.

O programa de bolsas ten como obxectivo mellorar o nivel de calidade e optimizar os procesos de toda a cadea de valor do Clúster, mediante a incorporación de persoal cualificado e especificamente dedicado á mellora continua nos procesos de negocio.

Os mozos e as mozas están a desempeñar o seu traballo nas áreas de organización e loxística, sistemas de información e calidade das empresas asociadas ao Clúster.



**Os mozos que participan no programa formativo do Clúster presenciaron a sinatura do convenio entre Juan Penas, xerente da agrupación empresarial, e Javier López, director xeral de FEUGA.**

## Colaboración con FEUGA

O programa de bolseiros lévase a cabo coa colaboración da Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA). Así referendárono, o pasado 28 de novembro, Juan Penas, xerente do Clúster, e Javier López, director xeral de FEUGA, que asinaron un convenio entre ambas as dúas entidades.

Os mozos seleccionados teñen ademais da formación práctica, unha formación teórica, ao amparo do Programa Despega, que impartirá FEUGA. Esta acción consta de 50 horas lectivas, coas que se pretende que os bolseiros adquiren as competencias e actitudes necesarias para alcanzar un desempeño óptimo das súas tarefas nas respectivas organizacións e lograr unha inserción laboral efectiva.

# / O Clúster participou na II edición de Cultur.gal /

*O stand do CPGLg ofreceu aos numerosos visitantes información sobre os seus obxectivos, servizos e actividades*

O Pazo de Congressos e Exposicións da cidade da Coruña acolleu entre os días 4 e 7 de decembro a II edición de Cultur.gal, a Feira Galega das Industrias Culturais, organizada pola Consellería de Cultura e Deporte en colaboración con outras entidades.

Cultur.gal aglutinaba a diferentes sectores da industria cultural galega: artes escénicas, audiovisual, libro, música, novas tecnoloxías da cultura e do lecer e servizos culturais de diversa índole.

O Clúster quixo participar neste evento cun stand no que ofreceu información a todos os visitantes sobre os seus obxectivos, actividades e servizos, así como dos diferentes sectores que o conforman. O posto estaba dotado de diversa tecnoloxía multimedia sobre a que se proxectaba o vídeo e imaxes da páxina web do Clúster.

Segundo datos da organización, Cultur.gal pechou as súas portas cunha estimación de 35.000 visitantes.



## BREVES

### Taller de desenvolvemento de habilidades xerenciais

O 11 de decembro presentouse na sede do Clúster o programa de desenvolvemento de habilidades xerenciais, deseñado para os directivos das empresas asociadas. Esta acción formativa axudaralles a conseguir as habilidades e destrezas necesarias para lograr unha mellora competitiva e unha cultura innovadora nas súas organizacións.

Este taller, que terá unha orientación eminentemente práctica, desenvolverase en nove sesións entre os meses de febreiro e xuño. Os profesores que o impartirán pertencen ao claustro da Escola de Negocios de Caixanova e cada un dos alumnos terá un titor asignado durante todo o período formativo.

### Colaboración co Clúster de Madrid

En xaneiro visitará a sede do Clúster Pedro Cuesta, vicepresidente do Clúster das Artes Gráficas de Madrid, para reunirse con Juan Penas e asinar un acordo de colaboración entre ambas as dúas agrupacións empresariais.

As dúas entidades comprometeranse a analizar as posibilidades de colaboración para a consecución e execución posterior de proxectos conxuntos de formación, innovación e internacionalización das empresas do sector. O gremio madrileño, polo tanto, mostra unha vez máis a súa implicación nas actividades do sector galego, despois de que en xullo o CPGLG asinase un convenio co Centro Tecnolóxico CIT.

### Reunión grupo internacionalización

O 18 de decembro tivo lugar unha reunión do grupo de traballo de internacionalización na que a consultora EOSA presentou aos empresarios asistentes os pasos que se deron ata agora para realizar o estudo de oportunidades de negocio no exterior, que se presentará o ano que vén e que será de gran utilidade para emprender misións comerciais no exterior.

Neste mesmo encontro, a empresa Barrabés presentou o proxecto de creación dun Trade Point en Francia, unha das accións que o Clúster quere facer realidade a medio prazo.

## / O Clúster conta co apoio de Caixa Galicia para a creación dos 'Premios ao Produto Gráfico Galego' /

O día 4 de decembro tivo lugar a sinatura dun convenio de colaboración entre Juan Penas, xerente do Clúster, e Manuel Aguilar, director da Obra Social Caixa Galicia, para a realización de actividades a favor do sector gráfico. Ambos os dous, mostráronse moi satisfeitos por esta iniciativa que fomentará o desenvolvemento e consolidación das industrias gráfica, publicitaria e editorial.

O director da Obra Social de Caixa Galicia afirmou que este acordo contribuirá á cohesión e ao progreso da sociedade galega mediante o apoio a unha entidade que agrupa a un sector económico de gran peso na nosa comunidade. Por iso, a entidade financeira destinará 12.000 euros a diversas accións que levará a cabo o Clúster para fomentar o

valor dos sectores gráfico, editorial e publicitario galegos.

Neste sentido, unha das actividades que realizará o CPGLG o próximo ano será creación dos Premios ao Produto Gráfico, que distinguirán os mellores deseños gráficos galegos. Estes galardóns convocaranse no primeiro trimestre do 2009.

Outra das accións que se desenvolverán será a creación dun libro de estilo do mundo gráfico, co obxectivo de mellorar a imaxe dos distintos sectores que configuran o Clúster. Ao amparo deste convenio, tamén se atopaba a participación do Clúster en Cultur.gal.

Coa sinatura deste convenio, Caixa Galicia reitera o seu apoio ao Clúster,



De esquerda a dereita: Juan Penas, xerente do Clúster, e Manuel Aguilar, director da Obra Social Caixa Galicia, nun momento da sinatura do convenio entre ambas as dúas entidades.

ter, tras a constitución da Plataforma Tecnolóxica do Produto Gráfico e do Libro Galego, da que é socio. Ademais, a entidade financeira comprometeuse a ofrecer unha proposta comercial preferente aos membros do Clúster.

Recordámoslles que o Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego pon á súa disposición diferentes vías de contacto:

Teléfono

881 977 102

Fax

881 977 103

[juanpenas@clustergrafico.com](mailto:juanpenas@clustergrafico.com)  
(Xerente)

Enderezos electrónicos

[comunicacion@clustergrafico.com](mailto:comunicacion@clustergrafico.com)  
(Prensa)

[cluster@clustergrafico.com](mailto:cluster@clustergrafico.com)  
(Xeral)